

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE ABRIL DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión a Xefa da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 8 de abril de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acordouse conceder licenzas municipais de instalación e de obra de corte para gando vacún de leite, almacén, silos forraxeiros e fosa de xurro en San Román - Santa Cristina, así como para explotación de gando vacún de leite e de licenza de obra de legalización de actividade e ampliación de corte e sala de espera para gando vacún de leite en Santalla de Esperante.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións:

- Modificación da licenza de parcelamento número 780/08, correspondente a parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Castelo de Abaixo, parroquia de Santiago de Castelo.
- Parcelamento da parcela matriz cunha superficie de 1.138,50 m² en dúas parcelas: parcela 12-1, cunha superficie de 576,84 m² con fronte á rúa

- dos Carpinteiros e parcela 12-2, cunha superficie de 561,66 m² con fronte á rúa dos Torneiros, e división de nave con licenzas nº 926/01 e 1188/07 para segregación en dúas naves, sitas na rúa Carpinteiros-rúa dos Torneiros, parcela 12.
- Habilitación de acceso a minusválidos no edificio da escola de maxisterio sito na avda. Ramón Ferreiro.
 - Construción de garaxe exterior anexo á vivenda sita na rúa do Peto-As Gándaras.
 - Reestructuración total, por cambio de uso a vivendas de edificio non residencial e ampliación de edificio composto de planta baixa para local sen uso, dúas plantas altas e aproveitamento baixocuberta para tres vivendas, na rúa nova, número 72.
 - Reforma e ampliación en fondo e terceira planta alta de edificio con licenza número 540/1970 quedando a planta baixa para garaxe-aparcadoiro e tres plantas altas para dúas vivendas, sito na rúa Monte Pena Rubia, número 29.
 - Reconstrución de cuberta no edificio de vivenda unifamiliar sito en San Mamede-San Mamede dos Anxos.
 - Construción de edificio na rúa Camiño Real, número 48.
 - Construción de aparcadoiro de uso público exterior, na rúa Monforte, números 15-17.
 - Desmontaxe de fachadas e baleirado interior do edificio, por motivos de seguridade e ata o nivel do solo da planta baixa do edificio sito na rúa Bolaño Rivadeneira, números 8-10.

Así mesmo, acordouse aprobar a modificación das condicións contidas no informe do Servizo de Enxeñería, emitido para a concesión da licenza número 401/06, para construción de edificio na rúa Quiroga números 9-11-13-15.

Acordouse denegar a licenza para construción dunha vivenda unifamiliar, non vinculada a explotación agrícola, en Papoi-Calde.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acordouse proceder os seguintes nomeamentos:

- De dona Ana Rocío Castro Girona, como traballadora social.
- De dona María Purificación Souto Corredoira, como técnico auxiliar en arqueoloxía.

- De dona María Isabel Villamor Cabado, como axente de emprego e desenvolvemento local.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acordouse aprobar a ampliación do prazo na execución das obras de construción dun campo de béisbol no polígono do Ceao.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Aprobación da addenda ó convenio de colaboración entre a Consellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Lugo para a posta en funcionamento dunha escola de pesca en Lugo.

Lugo, 16 de abril de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García